



CONDICIÓN Xerais DO SERVIZO MOVISTAR INTERNET (BANDA ANCHA FIXA)

1.- OBXECTO E ACEPTACIÓN

1.1.- O contrato regulado mediante as Condicións Xerais

As seguintes Condicións Xerais (en diante, as "Condicións Xerais") regulan as relacións contractuais entre TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. (en diante, "MOVISTAR") con CIF nº A-82018474, domiciliada en Madrid, na rúa Gran Vía 28, 28013 de Madrid, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao tomo 13.170; libro 0; sección 8ª; folla M-213.180, e o CLIENTE do Servizo (en diante, o "CLIENTE"), en canto á prestación do Servizo **Movistar Internet** (banda ancha fixa), en calquera dos seus tipos de acceso: ADSL ou Fibra Óptica (en diante, o "Servizo"), a cambio dun prezo que figura no Anexo I.

1.2.- A aceptación das Condicións Xerais

A aceptación, sen reservas, das presentes Condicións Xerais devén indispensable para a prestación do Servizo por MOVISTAR. O CLIENTE manifesta, en tal sentido, ter lido, entendido e aceptado as presentes Condicións Xerais, postas á súa disposición, en todo momento, con carácter previo á contratación, na seguinte páxina Web: <http://www.movistar.es/contratos>

A utilización do Servizo implica, así mesmo, a aceptación por parte do Cliente de cantos avisos, regulamentos de uso e instrucións fosen postos no seu coñecemento por parte de MOVISTAR con posterioridade á aceptación das presentes Condicións Xerais; a súa non aceptación, dentro do prazo ao efecto outorgado, implicará a terminación do Contrato por parte do CLIENTE.

2.- OBXECTO

As presentes Condicións regulan a prestación de Servizo, por parte de MOVISTAR ao CLIENTE, a cambio dun prezo que figura no Anexo I.3.- DESCRICIÓN DO SERVIZO



O SERVIZO permite o acceso a Internet de alta velocidade e funciona simultaneamente co servizo telefónico básico pero con tarificación independente.

O SERVIZO ofrecése na opción de facturación de Tarifa Plana 24 horas, polo que o CLIENTE poderá dispor del sen límite algún de consumo e con carácter permanente, salvo o indicado expresamente nas Condicións Particulares.

MOVISTAR informará ao CLIENTE, antes da contratación do mesmo, dos factores relevantes que limitan a velocidade efectiva que pode experimentar o usuario, diferenciando aqueles sobre os que ten control o operador dos alleos ao mesmo.

O Servizo ADSL integra as seguintes prestacións:

- Acceso a Internet de alta velocidade.
- Equipamento de conectividade que corresponda segundo a tecnoloxía contratada en réxime de aluguer de carácter opcional segundo a modalidade de contratación.
- Atención ao CLIENTE en relación co Servizo (en diante, o Servizo "de Atención ao Cliente").
- Certas Opcións Adicionais do Servizo (en diante, as "Opcións Adicionais").

Opcionalmente, o cliente poderá solicitar o desprazamento ao seu domicilio e instalación do equipo, debendo satisfacer a cota de instalación que se determine no Anexo I de prezos

No seu tipo de acceso a través de Fibra Óptica (en diante "Fibra"), o servizo integra as seguintes prestacións:

- Acceso a Internet de alta velocidade.
- Equipamento de conectividade que corresponda segundo a tecnoloxía contratada en réxime de aluguer de carácter opcional segundo a modalidade de contratación.
- Equipamento adecuado á tecnoloxía de acceso.
- Atención ao Cliente en relación co Servizo.
- Certas Opcións Adicionais do Servizo.

O SERVIZO non inclúe servizo de voz. O número de teléfono do que se informe ao CLIENTE no proceso de contratación do SERVIZO ou a posteriori, trátase dun número de uso exclusivamente interno de Movistar para realizar as xestións administrativas necesarias en relación ao SERVIZO, polo que o devandito número non está suxeito a portabilidade.



4.- PRESTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo presenta dous tipos de acceso: ADSL e Fibra.

O Servizo ADSL é un servizo de acceso a Internet de alta velocidade, de carácter permanente, que funciona simultaneamente co servizo telefónico básico, pero con tarificación independente.

O Servizo de Fibra é un servizo de acceso a Internet de alta velocidade, de carácter permanente, a través de fibra óptica.

O Servizo ofrecerase na opción de facturación de Tarifa Plana 24 horas; o Cliente poderá dispor do Servizo sen límite algún de consumo e con carácter permanente, salvo o indicado expresamente nas Condicións Particulares.

4.1.- Requisitos para a contratación do Servizo.

4.1.1.- Equipo informático

Para a prestación do Servizo, o equipo informático do CLIENTE deberá dispor das características técnicas necesarias, (que figuran na seguinte URL: <http://www.movistar.es>). Tal equipamento non forma parte do Servizo.

No caso de ADSL cómpre dispor dunha roseta telefónica no domicilio de instalación a menos de 3 metros do punto onde se sitúe o Módem/Router.

4.1.2. Equipamento de conectividade

Para a correcta prestación do servizo cómpre que o CLIENTE dispoña dun equipamento adecuado á tecnoloxía de acceso proporcionada:

- Para o Servizo ADSL será necesario que o CLIENTE dispoña dun equipo receptor/emisor de conectividade (Módem/router).
- Para o Servizo de Fibra será necesario que se instale e configure no domicilio correspondente unha roseta óptica (Punto de Terminación de Rede Óptico) e que se dispoña dun equipamento adecuado para a recepción de sinais ópticos (ONT), cableado de fibra óptica entre a roseta óptica e a ONT e un equipo receptor/emisor de conectividade (Módem/router).



Respecto deste equipamento necesario, tal e como se describe na cláusula 4.7 de maneira opcional, o CLIENTE poderá contratar a prestación do servizo de aluguer do router, da ONT ou do equipo integrado Smart Wifi para a prestación por parte de Movistar do acceso a Internet de alta velocidade en calquera dos seus tipos de acceso (en diante “Equipos ou equipamento de conectividade”) cuxas condicións de contratación e funcionamento en réxime de aluguer rexeranse polas condicións que regulen o devandito aluguer segundo o equipo que corresponda publicadas en www.movistar.es e na cláusula 4.7.

4.1.3.- Acceso telefónico

Para a prestación do Servizo, o acceso telefónico do CLIENTE deberá reunir as seguintes características:

- (i) A central telefónica á que pertence a liña do CLIENTE deberá ter dispoñible o Servizo ADSL ou Fibra, respectivamente.
- (ii) A liña telefónica non deberá estar conectada a ningún equipo ou servizo incompatible co Servizo.
- (iii) Cualificación do bucle: certas liñas telefónicas poden ser incompatibles co Servizo pola súa lonxitude, calibre ou outros parámetros técnicos.

4.1.4.- Incompatibilidades.

Os seguintes servizos son incompatibles co Servizo ADSL:

- 1) Teletarifación mediante impulsos de 12kHz.
- 2) Servizo de Telealarmas.
- 3) Servizo de Seguro de Consumo
- 4) Servizo de Alarma de Consumo
- 5) Servizo de Hilo Musical con técnica analóxica. Existe un produto denominado Solución ADSL Hilo Musical sobre o servizo ADSL que dá resposta ás necesidades dos clientes neste caso.
- 6) Líneas de Respaldo, de circuítos de datos.
- 7) Líneas de Enlace de Centralitas (excepto para liñas cabeceira con filtrado centralizado)



- 8) Líneas de Enlace de grupos Centrex (excepto para liñas cabeceira)
- 9) Líneas Ibercom (incluídas as liñas de emerxencia).
- 10) Teléfonos de uso Público (excepto autotarificados).
- 11) Así mesmo, dado que o acceso ao Servizo ADSL require un par de cobre, non poderá prestarse sobre accesos TRAC (Telefonía Rural de Acceso Celular) ou outra vía radio.

En relación coa causa de incompatibilidade 2ª (Servizo de Telealarmas) MOVISTAR advirte que, debido á instalación necesaria para a Telealarma, poden darse situacións nas que a Telealarma non funcione correctamente se se dispón de filtrado distribuído. Nestes casos, MOVISTAR recomenda a instalación de filtrado centralizado.

Os seguintes servizos son incompatibles co Servizo de Fibra:

- 1) RDSI
- 2) NETLAN
- 3) LAN WIFI
- 4) ACCESO PLUS
- 5) Videosupervisión
- 6) CentrexIP y Oficina conectada
- 7) Hogar supervisado
- 8) Pack Teletrabajo
- 9) Pack Comercio
- 10) Teletrabajo Net-LAN

En caso de incompatibilidade, o Servizo non poderá ser ofrecido por MOVISTAR.

A dispoñibilidade ou non do Servizo será confirmada por MOVISTAR en cada caso particular.

Certos elementos de hardware ou de software do equipo informático do CLIENTE poden ocasionar, así mesmo, dificultades no normal funcionamento e mesmo impedir o acceso ao Servizo.

4.2.- Modalidades Liña ADSL.

As modalidades do Servizo ADSL en función da velocidade que ofrece MOVISTAR conforme a estas Condicións Xerais, son as seguintes:



	Velocidade Sentido Rede-usuario	Velocidade Sentido usuario - Rede	Caudal garantido
ADSL Máxima Velocidade (Até 20 Mb)	até 20.000 Kbit/s (*)	até 800 Kbit/s	-----
Class	2.000 Kbit/s	320 Kbit/s	10%
Avanzada	4.000 Kbit/s	512 Kbit/s	10%
Premium	7.296 Kbit/s	640 Kbit/s	10%
DSL Simétrico 1M	1.000 Kbit/s	1.000 Kbit/s	50%
DSL Simétrico 1'5M	1.500 Kbit/s	1.500 Kbit/s	50%
Empresas Class	2.000 Kbit/s	640 Kbit/s	50%
Empresas Avanzada	4.000 Kbit/s	640 Kbit/s	50%
Empresas Premium	7.296 Kbit/s	640 Kbit/s	50%

* Se o servizo se presta conxuntamente con Movistar +, a velocidade sentido rede-usuario será de Até 11,5 Mb.

4.2.1. Os factores relevantes que poden limitar a velocidade efectiva que poderá experimentar e sobre os que o operador ten control son:

- O seu bucle podería ser non cualificado: certas liñas telefónicas poden ser non aptas para algúns servizos de ADSL pola súa lonxitude, polo seu calibre ou outros parámetros técnicos. MOVISTAR determinará en cada caso a idoneidade ou non da liña.
- A distancia do bucle de abonado á central e/ou a existencia de interferencias electromagnéticas externas ou entre cables adxacentes poden chegar a atenuar o sinal e causar a diminución da velocidade. Este factor non aplica no caso de acceso sobre Fibra Óptica.
- Problemas ou deterioración do bucle de abonado.
- Interrupción ou diminución do servizo como consecuencia de Operacións de Mantemento de Rede durante o tempo imprescindible para a súa realización.



4.2.2. Os factores limitadores relevantes alleos ao operador son:

- A velocidade de acceso a Internet dependerá en cada momento do tráfico en Internet existente, do número de internautas simultáneos e doutros factores técnicos como a eficiencia de protocolo IP, ocupación de servidores, portos, etc.
- Se o cliente utiliza router inalámbrico na súa conexión, hai que ter en conta as limitacións propias deste e da rede LAN wifi. A cobertura adoita variar en interiores (casas, pisos, etc), dependendo moito do tipo de construción do edificio. En exteriores depende das interferencias que poida atopar o sinal (como outras redes inalámbricas) e das construcións ou obstáculos (muros, encofrados...) que haxa entre o emisor e receptor do sinal. [Valores orientativos de cobertura en interiores: entre 50 e 70 m; en exteriores: até 400 m.].
- Se o cliente utiliza adaptadores PLC Ethernet para conectar o router e o computador aproveitando a rede eléctrica, a cobertura dependerá do modelo de adaptador utilizado, a distancia na rede entre adaptadores, o ruído eléctrico ou interferencias introducidas por outros aparellos conectados á rede eléctrica, o número de equipos ou aparellos conectados simultaneamente á base do enchufe onde se conecta o adaptador, etc.
- Certos elementos de Hardware e Software do equipo de cliente poden ocasionar, así mesmo, dificultades no normal funcionamento do seu equipo e mesmo impedir o acceso ao servizo. Por exemplo:
 - Programas de peer to peer executándose. O software de intercambio de ficheiros (P2P) residente no PC xera unha cantidade elevada de paquetes, provocando lentitude na navegación e chegando mesmo a saturar o tráfico cursado. [Por exemplo programas tales como eMule e Kazaa, bittorrent, etc.]
 - Algúns virus residentes no PC do cliente poden xerar unha cantidade elevada de paquetes co fin de contaminar outros equipos, provocando navegación lenta ou, mesmo, saturación do tráfico cursado.
 - Software malicioso executándose na LAN.
 - Actualizacións automáticas do software residente no PC. Algúns programas (de sistema operativo, antivirus, navegadores,...) adoitan ofrecer actualizacións online configurables en modo automático (normalmente por defecto), así, cando o cliente se conecta a Internet, os devanditos programas descargan as actualizacións en segundo plano, aumentando o tráfico de datos, retardando a navegación.



- Cableado ou equipamento do cliente se non está en perfectas condicións ou non cumpre os requisitos técnicos e características esixidas ao mesmo para a prestación do servizo por MOVISTAR.

4.3.- Modalidades **SERVIZO de Fibra.**

En función da velocidade que ofrece MOVISTAR conforme a estas Condicións Xerais, son as seguintes:

	Velocidade Sentido Rede-usuario	Velocidade Sentido usuario - Rede
Fibra ata 1 Gb Simétrica	Ata 1.000.000 Kbit/s*	Ata 1.000.000 Kbit/s*
Fibra 600 Mb Simétrica	600.000 Kbit/s	600.000 Kbit/s
Fibra 300 Mb Simétrica	300.000 Kbit/s	300.000 Kbit/s
Fibra 100 Mb Simétrica	100.000 Kbit/s	100.000 Kbit/s
10Mb/800Mb	10.000 Kbit/s	800 Kbit/s

4.3.1. Os factores relevantes que poden limitar a velocidade efectiva que poderá experimentar e sobre os que o operador ten control son:

- Interrupción ou diminución do servizo por Operacións de Mantemento de Rede durante o tempo imprescindible para a súa realización.

4.3.2. Os factores limitadores relevantes alleos ao operador son os xa mencionados na cláusula 4.2.2.

4.4.- Velocidade das modalidades dos servizos **ADSL e Fibra**

Producto	Velocidad nominal	Velocidad bajada (kbps)			Velocidad subida (kbps)		
		Máxima	Media	Mínima	Máxima	Media	Mínima
ADSL 1 Mb Simétrico	1 Mb / 1 Mb	1000	949,66	658,18	1.000	903,26	661,95
ADSL 1,5 Mb Simétrico	1,5 Mb / 1,5 Mb	1.500	1.424,33	958,16	1.500	1.382,16	968,67
ADSL Class	2 Mb / 320 Kb	2.000	1.898,18	1.263,08	320	300,32	202,14
ADSL Avanzada	4 Mb / 512 Kb	4.000	3.798,59	2.543,60	512	480,19	328,50
ADSL Premium + 320 Kb	8 Mb / 320 Kb	7.296	6.930,71	4.670,33	320	301,48	209,14
ADSL Premium + 640 Kb	8 Mb / 640 Kb	7.296	6.926,42	4.783,71	640	596,31	417,83



ADSL Premium + 800 Kb	8 Mb / 800 Kb	7.296	6.925,86	4.771,71	800	724,94	524,98
ADSL Máxima Velocidad	Hasta 20 Mb / Hasta 800 Kb	20.000	14.716,22	13.202,56	800	724,46	519,11
ADSL Máxima Velocidad con IPTV	Hasta 11,5 Mb / Hasta 800 Kb	11.500	8.460,72	7.365,67	800	749,48	523,77
ADSL 20 Mb	20 Mb / 800 Kb	20.000	14.725,79	12.892,60	800	737,88	525,10
FTTH 10 Mb	10 Mb / 800 Kb	10.000	9.993,10	9.347,90	800	761,17	739,05
FTTH 100 Mb	100 Mb / 10 Mb	100.000	99.958,00	93.687,00	10.000	9.908,20	9.487,90
FTTH 100 Mb Simétrico	100 Mb / 100 Mb	100.000	99.980,00	92.404,00	100.000	98.235,00	90.961,00
FTTH 300 Mb	300 Mb / 30 Mb	300.000	299.778,00	278.214,00	30.000	28.993,80	27.864,30
FTTH 300 Mb Simétrico	300 Mb / 300 Mb	300.000	299.829,00	283.929,00	300.000	292.185,00	284.847,00
FTTH 600 Mb	600 Mb / 60 Mb	600.000	599.400,00	563.982,00	60.000	59.574,60	55.273,80
FTTH 600 Mb Simétrico	600 Mb / 600 Mb	600.000	599.562,00	553.476,00	600.000	573.168,00	562.830,00
FTTH hasta 1 Gb Simétrico	1000Mb / 1000Mb	1.000.000	916.374,02	739.597,53	1.000.000	916.374,02	739.597,53

(*) A utilización simultánea do servizo de TV con tecnoloxía IPTV implica unha redución da velocidade de navegación correspondente ao ancho de banda dunha canle de TV (2.400 Kbps).

As cifras de velocidade proporcionadas calcúlanse a partir das porcentaxes de cumprimento da velocidade de sincronización de servizos relevantes de acceso a internet fixo, segundo o documento de criterios adicionais definidos pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID) ou organismo que o substitúa en desenvolvemento da Orde IET1090/2014.

- O factor para calcular “a velocidade máxima” determínase polo nivel de cumprimento da velocidade de sincronización do percentil 95 das conexións máis rápidas do sistema de sondas para o servizo relevante que resulte máis equiparable.
- O factor para calcular a “velocidade habitualmente conseguida” determínase polo nivel de cumprimento da velocidade de sincronización que se corresponde coa media das conexións do sistema de sondas para o servizo relevante que resulte máis equiparable.
- O factor para calcular a “velocidade mínima” determínase en función das características de cada perfil e tecnoloxía.

A velocidade de transmisión dos devanditos servizos relevantes mídese por un sistema de sondas cuxo número e localización depende dos clientes reais de cada servizo que cada Operador está obrigado a reportar e publicar.



As velocidades de transmisión de datos alcanzables mediante tecnoloxías ADSL poden verse limitadas dependendo da lonxitude do bucle que une ao abonado coa central local da que depende. A velocidade indicada obtívose para unha distancia media de bucle de abonado seguindo os criterios esixidos pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID) ou organismo que o substitúa para a presentación de informes de parámetros específicos de acceso a Internet.

A velocidade percibida polo CLIENTE final está condicionada polos factores limitantes indicados nas cláusulas 4.2.1, 4.2.2, 4.3.1 e 4.3.2.

4.5.- Instalación de filtrado.

Para as modalidades de velocidade descritas, MOVISTAR instalará filtrado centralizado (Splitter) ou proverá filtrado distribuído (mediante microfiltros), en función da dispoñibilidade e as características específicas da rede interior telefónica do domicilio do CLIENTE

A provisión ou instalación do filtrado realizarase conforme ás seguintes Condicións:

- Por defecto, proverase filtrado distribuído, con independencia da velocidade contratada. Conforme a esta modalidade de filtrado, MOVISTAR proverá os microfiltros necesarios en función da instalación interior do CLIENTE e até un máximo de tres.
- Se non fose posible a provisión do Servizo con filtrado distribuído, e sempre que o CLIENTE preste o seu consentimento, procederase a instalar un Splitter, xunto ao punto de conexión á rede.
- Se fose necesaria a instalación do Splitter, esa instalación comprenderá o tendido do cableado necesario para o tramo existente desde o Splitter até o Módem/Router do CLIENTE (en diante, o Cableado)
- MOVISTAR poderá prestar o Servizo de Instalación por si mesma ou a través dun instalador autorizado.

O Splitter é propiedade de MOVISTAR.

4.6.- Opcións de Contratación do Equipamento de conectividade conxuntamente co Servizo.



Para a correcta prestación do servizo é necesario que o CLIENTE dispoña dun equipamento adecuado á tecnoloxía de acceso proporcionada, tal e como se especifica na cláusula 4.1.2.

4.6.1.- Con instalación do equipamento de conectividade

O CLIENTE poderá contratar a prestación do servizo con aluguer ou sen aluguer do Equipamento de conectividade necesario, para a prestación por parte de Movistar do acceso a Internet de alta velocidade en calquera dos seus tipos de acceso.

As condicións de contratación e funcionamento en réxime de aluguer rexeranse polas condicións que regulen o devandito aluguer segundo o equipo que corresponda publicadas en www.movistar.es e polas contidas na cláusula 4.7.

4.6.1.1. - Con instalación e con aluguer do Equipamento de conectividade

MOVISTAR realizará o desprazamento ao domicilio do Cliente cando solicite o Servizo co aluguer e Instalación do equipamento. En caso de alta do servizo con aluguer e instalación do equipamento de conectividade o Cliente deberá satisfacer a cota de instalación que se determine no Anexo 1, "Prezos. O Servizo de Aluguer quedará supeditado á dispoñibilidade técnica de prestación dos Servizos de Internet.

En caso de contratación do Servizo ADSL con instalación por parte de MOVISTAR, a devandita instalación realizarase conforme ás seguintes condicións:

- O Módem/Router conectarase polo lado de Rede ao Splitter, no caso de que a instalación se verifique con filtrado centralizado, ou ao Punto de Terminación de Rede (PTR), no caso de que a provisión se teña realizado con microfiltros.
- No lado do CLIENTE, o Módem/Router conectarase ao seu equipo informático.
- O Servizo Línea ADSL só contempla a instalación do Módem/Router en equipos do tipo PC compatibles de acordo ao indicado na cláusula 4.1 con lector de CD e con sistema operativo en correcto estado de funcionamento, sendo imprescindible que os CD orixinais estean a disposición do instalador.
- Para determinados sistemas operativos (MAC, SUN, etc.), a responsabilidade de MOVISTAR termina na configuración do Módem/Router, sendo responsabilidade do usuario levar a cabo as accións pertinentes. Neste caso, e co único obxecto de comprobar a correcta instalación, MOVISTAR levará a cabo probas finais cos seus propios equipos portátiles.
- A instalación do Módem/Router entenderase terminada cando se teña comprobado a navegación.
- Quedan excluídos do proceso de instalación a configuración de programas de correo electrónico e calquera outros que poida utilizar o CLIENTE.

O Servizo de contratación do Servizo de Fibra, que inclúe o aluguer e instalación do Router para a súa conexión ao equipo informático do Cliente, así como da roseta



óptica, ONT e cableado de fibra óptica entre a roseta óptica e a ONT. As condicións de contratación e funcionamento do Módem/Router e a ONT en réxime de aluguer rexeranse polas condicións que regulen ese aluguer publicadas en www.movistar.es e na cláusula 4.7

O Router instalárase conforme ás seguintes condicións:

- O Router conectarase polo lado de Rede á ONT.
- A ONT conectarase á roseta óptica a través do cableado de fibra óptica.
- No lado do Cliente, o Router conectarase ao seu equipo informático.
- O resto das dispostas no apartado anterior, de contratación do servizo de ADSL, desta cláusula 4.6.1.

4.6.1.2. - Con instalación e sen aluguer do Módem/Router

Así mesmo, o CLIENTE tamén poderá optar por contratar a prestación do servizo sen aluguer do Módem/Router. É dicir, poderá solicitar a MOVISTAR a instalación dun Módem/Router que sexa da súa propiedade. Procederase á instalación sempre que sexa un dos modelos soportados por MOVISTAR e que reúnan os requisitos fixados en <http://www.movistar.es/interfaces/>. Neste caso o cliente deberá satisfacer a cota de instalación que se determine no Anexo 1, "Prezos".

4.6.2. - Contratación do Servizo sen Instalación do equipamento de conectividade

O CLIENTE poderá contratar a prestación do servizo con aluguer ou sen aluguer do Equipamento de conectividade necesario, para a prestación por parte de Movistar do acceso a Internet de alta velocidade en calquera dos seus tipos de acceso. O Servizo de Aluguer quedará supeditado á dispoñibilidade técnica de prestación dos Servizos de Internet.

As condicións de contratación e funcionamento en réxime de aluguer rexeranse polas condicións que regulen o devandito aluguer segundo o equipo que corresponda publicadas en www.movistar.es e polas contidas na cláusula 4.7.

4.6.2.1. - Sen instalación e con aluguer do equipamento de conectividade (kit autoinstalable)

Por outra banda, MOVISTAR ofrece ao CLIENTE a posibilidade de solicitar o Servizo sen instalación e con aluguer do equipamento de conectividade (equipamento autoinstalable), que se caracteriza porque o CLIENTE realiza el mesmo a instalación no seu domicilio, unha vez que alugou a MOVISTAR o Kit de montaxe, de acordo coas instrucións que se inclúen no mesmo.



No caso do servizo ADSL, trátase dun servizo de conectividade que integra as seguintes prestacións:

- Acceso a Internet de alta velocidade.
- Atención ao CLIENTE en relación co Servizo Kit ADSL Autoinstalable.
- Certas Opcións Adicionais do Servizo Kit ADSL Autoinstalable.

Este servizo componse dun Módem/Router ADSL, elementos de filtrado distribuído (microfiltros), cables de conexión dos anteriores elementos, Software de configuración e Axuda e Manual de Usuario.

O Kit de montaxe poderá ser recollido en tenda, sen custo para o cliente ou remitido ao domicilio do CLIENTE unha vez solicitado o Servizo e contratado o Servizo de Alugueiro Módem/Router para Servizos de Internet.

Os custos derivados do envío do Módem/Router ao domicilio do cliente serán sufragados polo CLIENTE, aplicándose os seguintes importes por unidade:

Concepto	IVE (21%) Península e Baleares:	IPSI 10%. Ceuta	IPSI 8%. Melilla	IXIC (6,5%) Canarias:
Gastos de envío	7,30 €	6,63 €	6,27 €	6,43 €

Enténdese como data de alta efectiva no Servizo para todos os efectos, a data en que o CLIENTE recibe o equipamento correspondente ao Servizo, e que previamente alugou a MOVISTAR, xa que, nesa data, MOVISTAR realizou as tarefas necesarias para a provisión do Servizo, e o CLIENTE, unha vez instale o Kit, pode navegar.

MOVISTAR ofrecerá ao CLIENTE soporte técnico telefónico relativo á instalación do Kit de montaxe nos números de asistencia técnica habilitados para ese efecto, así como a posibilidade de solicitar a súa instalación. No caso de que o Cliente se decante por esta opción de equipamento autoinstalable, pero finalmente necesite asistencia técnica para a instalación, deberá satisfacer a cota de instalación que se determine no Anexo 1, "Prezos".

4.6.2.2. - Sen instalación e sen aluguer do Módem/Router

No caso de que o CLIENTE opte pola provisión do Servizo sin Aluguer e sin aluguer do Módem/Router, na modalidade da Liña ADSL con filtrado distribuído, non existirá desprazamento ao domicilio do CLIENTE, polo que correrá por conta do mesmo a adquisición do Módem/Router e dos microfiltros necesarios para a prestación do Servizo.



Neste caso, o CLIENTE poderá adquirir os microfiltros nos establecementos habilitados por MOVISTAR ou noutros establecementos distintos.

En todo caso, o Módem/Router e os microfiltros adquiridos por conta do CLIENTE, deberán cumprir as especificacións técnicas publicadas en <http://www.movistar.es/interfaces/>

MOVISTAR non responderá da adecuada prestación do Servizo no caso de que o Módem/Router ou os microfiltros adquiridos polo CLIENTE non reúnan os requisitos esixidos ou no caso de que o CLIENTE instale máis de tres microfiltros.

No caso de que sexa necesaria a instalación con filtrado centralizado, MOVISTAR desprazarase ao seu domicilio para instalar o Splitter, aínda que o CLIENTE solicite o Servizo sen Aluguer nin Instalación de Módem/Router.

4.7.- Condicións de prestación do servizo de aluguer do equipamento de conectividade para servizos de Internet

MOVISTAR prestará o servizo de aluguer de equipamento de conectividade ao Cliente. MOVISTAR porá a disposición do cliente o equipamento que corresponda en cada caso, e aos que se refire a cláusula 4.1.2, obxecto do aluguer dentro dos cinco días naturais seguintes á data de recepción a súa solicitude.

As condicións de contratación e funcionamento en réxime de aluguer rexeranse polas condicións que regulen o devandito aluguer segundo o equipo que corresponda publicadas en www.movistar.es

4.7.1 Obrigacións do Cliente respecto ao equipamento de conectividade alugado.

O Cliente asume as seguintes obrigacións:

- a) Desde a entrega equipamento de conectividade, a responsabilidade do bo uso e correcta manipulación do equipo alugado, propiedade de MOVISTAR. Será responsable igualmente da deterioración ou perda dos terminais alugados, salvo que probe que estes feitos se produciron sen culpa pola súa parte.
- b) Comunicar de inmediato a MOVISTAR calquera novidade danosa, así como calquera reclamación, acción, demanda ou embargo que se produza en relación cos terminais que ten alugados.

Así mesmo, deberá manifestar que a titularidade dos terminais corresponde a MOVISTAR fronte aos terceiros que pretendan embargarlles ou emprender calquera acción, demanda ou reclamación sobre a súa propiedade ou posesión.



c) Á finalización do presente contrato, por calquera das causas contempladas na Cláusula 15.1 o CLIENTE obrígase a devolver o equipamento de conectividade asociado ao Servizo dentro do quince días naturais seguintes á resolución do Contrato, de acordo co procedemento que se lle indicará chamando ao 1004 ou ao 1489 de Resposta Profesional.

No caso de que o Cliente non proceda á súa devolución no prazo indicado ou se o equipamento de conectividade presentase algún tipo de avaría ou dano que exceda do só efecto do uso, faltase algún dos seus compoñentes ou non se axustase enteiramente ao modelo provisto por MOVISTAR, esta facturará en concepto de penalización ao cliente o prezo correspondente ao devandito equipamento de conectividade, considerando a súa antigüidade.

4.7.2 Actuacións permitidas no manexo do equipamento de conectividade

Permitirase que o usuario modifique os parámetros do equipamento, tales como a apertura de portos, a través dos medios facilitados por MOVISTAR (web, portal Alejandra, CAT, software de xestión).

Non está permitido:

- Abrir fisicamente o equipamento de conectividade.
- Modificar ou introducir elementos físicos no mesmo.
- Realizar un cambio nos parámetros que supoñan un cambio nas características de homologación do equipamento de conectividade.
- Realizar un cambio nos parámetros con fins ou efectos ilícitos, prohibidos nas presentes Condicións Xerais, lesivos dos dereitos e intereses de terceiros, ou que de calquera forma poidan danar, inutilizar, sobrecargar ou deteriorar o Servizo ou calquera outro servizo prestado por MOVISTAR ou por calquera das empresas do Grupo Telefónica.

4.7.3. Retirada e suspensión do acceso ao servizo

MOVISTAR poderá retirar ou suspender cautelarmente a prestación do servizo a aqueles CLIENTES que incumpran o establecido nesta cláusula, comunicándollo debidamente, sen necesidade de aviso previo.

4.7.4 O Servizo de Asistencia Técnica al CLIENTE

Consiste en Servizos de Asesoramento, Diagnóstico e un Servizo de Resolución de Incidencias. Accederase ao mesmo por teléfono, a través de os números 1004 para Particulares e 1489 para Profesionais, Negocios e Pemes.



4.7.5. Configuración do Equipamento de conectividade propiedade de Movistar

Movistar proporcionará o equipamento de conectividade ao CLIENTE cunha configuración predefinida que permitirá a prestación do servizo nos termos contratados. Non obstante o anterior, o CLIENTE poderá modificar determinados parámetros da devandita configuración a través do portal Alejandra no seguinte enlace <https://www.movistar.es/ConfigRouters/Alejandra/Acceso/> .

En todo caso Movistar, resérvase o dereito de reconfigurar, reiniciar, substituír a configuración definida polo CLIENTE, en calquera momento e sen previo aviso, coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos obxecto do presente Contrato ou de evitar cambios nos parámetros realizados con fins ou efectos ilícitos, prohibidos nas presentes Condicións Xerais, lesivos dos dereitos e intereses de terceiros, ou que de calquera forma poidan danar, inutilizar, sobrecargar ou deteriorar o Servizo ou calquera outro servizo prestado por MOVISTAR ou por calquera das empresas do Grupo Telefónica.

4.8. - Servizo de Atención al CLIENTE.

O Servizo de Atención al Cliente consiste nun Servizo de Atención Comercial e un Servizo de Asistencia Técnica. Este último poderá ser prestado por MOVISTAR ou a través dun Servizo de Asistencia Técnica autorizado.

4.8.1. O Servizo de Atención Comercial al Cliente consiste en asistencia comercial telefónica a través dos números que estean habilitados por MOVISTAR para ese efecto.

4.8.2. O Servizo de Asistencia Técnica al Cliente ofrece consulta telefónica e comprende, á súa vez, un Servizo de Diagnóstico e de Resolución de Incidencias.

A contratación do Servizo con aluguer e sen Instalación do equipo de conectividade do CLIENTE non comprende a asistencia técnica de incidencias no equipo informático do CLIENTE nin a asistencia técnica de incidencias no Módem/Router. A asistencia técnica do Módem/Router nos supostos de aluguer a MOVISTAR será regulado de acordo coas súas condicións de uso publicadas en www.movistar.es e no establecido na cláusula 4.7.

4.8.2.1. - O Servizo de Diagnóstico ofrece asistencia técnica que MOVISTAR presta ao CLIENTE a través do número telefónico habilitado a tal fin. A estes efectos, MOVISTAR recollerá durante as 24 horas ao día, os 7 días da semana, mesmo festivos, calquera incidencia que afecte ao funcionamento do SERVIZO. Recibido do CLIENTE un aviso de incidencia relativo ao SERVIZO, MOVISTAR indicará a posible causa da incidencia.



4.8.2.2. - O Servizo de Resolución de Incidencias ofrece asistencia técnica telefónica presencial no domicilio no que o CLIENTE teña instalado o equipamento do SERVIZO.

MOVISTAR asume a obrigaón de resolver as incidencias que lle xurdan ao CLIENTE na utilización do SERVIZO e iniciará o procedemento de resolución en canto o CLIENTE comunique a devandita incidencia ao Servizo de Asistencia Técnica.

MOVISTAR prestará ao CLIENTE este Servizo de xeito gratuíto naqueles casos nos que a incidencia diagnosticada se deba a fallos orixinais imputables a MOVISTAR sen prexuízo do custo da chamada telefónica para a resolución das incidencias diagnosticadas.

Nos demais casos, MOVISTAR só prestará o Servizo de asistencia técnica no domicilio a solicitude do CLIENTE e mediante o pago do prezo establecido que figura na lista de prezos de MOVISTAR publicado na seguinte URL: <http://www.movistar.es>.

4.9. - Opcións Adicionais.

O CLIENTE disporá das opcións adicionais do Servizo que se atopen publicadas en <http://www.movistar.es>. Poderán ser prestadas por Movistar, por si ou a través dun terceiro.

4.10 - Modificacións do Servizo.

O Cliente comprométese a comunicar a Movistar calquera cambio nos datos do contrato, especialmente nos correspondentes ao domicilio de facturación e da conta bancaria de domiciliación dos pagamentos.

Movistar, co único fin de restablecer o equilibrio das prestacións entre as Partes, poderá modificar as condicións establecidas no contrato e en particular o prezo do mesmo, por algún dos seguintes motivos cando os mesmos obedezan a situacións acaecidas nun momento posterior á fixación das tarifas do Servizo por parte de Movistar:

- Incremento dos custos do sector empresarial no que estea presente Movistar e que redunden na cobertura, na calidade da rede ou nas características do Servizo prestado.



- Modificacións normativas (incluídos impostos, taxas ou resolucións administrativas ou xudiciais) que afecten ás condicións de prestación do Servizo.
- Incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) ou, no seu lugar, do índice de prezos Industriais (IPRI).

Movistar informará ao cliente de calquera modificación con indicación do motivo preciso ao que obedece cunha antelación mínima DUN (1) mes á data en que a modificación vaia ser efectiva, tendo o cliente dereito a resolver o contrato sen penalización algunha, sen prexuízo doutros compromisos adquiridos polo propio cliente. Transcorrido o prazo dun mes sen que Movistar recibira ningunha comunicación, entenderase que o Cliente acepta as modificacións.

4.11 – Reparación de avarías e mantemento do Servizo.

MOVISTAR virá obrigada a reparar as avarías que se produzan nas súas instalacións até o Punto de Terminación de Rede en casa do abonado. O CLIENTE notificará as avarías a través da canle habilitada por MOVISTAR que será o número de atención de avarías establecido na cláusula 18. No momento de formular a avaría facilitarase, a petición do CLIENTE, o seu número de referencia.

Igualmente, as avarías poderán notificarse a través da páxina <http://www.movistar.es>

Os custos derivados da reparación de avarías serán sufragados por MOVISTAR, sempre que as mesmas non sexan imputables ao CLIENTE por negligencia no seu uso ou conservación ou por actuacións dolosas ou imprudentes, sobre a rede ou sobre os seus equipos.

O mantemento do Acceso ADSL e da Terminación fornecida está incluído no presente Servizo.

Non forman parte do mantemento os Equipos (Tarxetas, Módem/Router, Equipos informáticos, etc.) que o CLIENTE conecte ao Punto de Terminación de Rede (PTR), onde remata a rede que dá soporte ao Servizo ADSL prestado por MOVISTAR.

No Servizo de Fibra incluírase dentro das prestacións do Servizo o mantemento do equipamento propiedade de MOVISTAR: ONT, roseta óptica, cableado de fibra óptica entre a roseta óptica e ONT.

No caso de que o CLIENTE optara polo Servizo de aluguer do equipamento de conectividade para servizos de Internet, MOVISTAR virá obrigada a reparar as avarías que se produzan nos equipos alugados aos seus Clientes. No mesmo momento de



formular a avaría, facilitarase, a petición do CLIENTE, o número de referencia da mesma.

A reparación do equipo poderá consistir, a criterio de MOVISTAR, na reparación ou substitución no domicilio do Cliente da unidade funcional avariada ou na substitución por outro, con prestacións equivalentes.

Para a prestación do servizo de diagnóstico e resolución de incidencias do Servizo, poderá ser necesario que o CLIENTE proporcione ao persoal autorizado de MOVISTAR o contrasinal de acceso ao equipamento de conectividade. Unha vez que MOVISTAR preste o Servizo de diagnóstico e resolución de incidencias, cando o cliente proporcionara ao persoal autorizado de MOVISTAR o contrasinal de acceso ao equipamento de conectividade, por motivos de seguridade, o CLIENTE estará obrigado a cambiar o contrasinal de acceso ao equipo.

MOVISTAR non asumirá os compromisos de reparación establecidos cando a avaría se produza no tránsito pola Infraestrutura de Rede Comunitaria (propiedade da Comunidade de Propietarios) e non exista un contrato específico de mantemento con MOVISTAR para a devandita infraestrutura.

Adicionalmente, o CLIENTE poderá contratar o Servizo de mantemento domiciliario sobre Equipamento e accesorios, mediante a correspondente Opción Adicional, e de conformidade ás condicións contractuais que, en cada momento, regulen a devandita prestación do Servizo de mantemento e que figuran na Web <http://www.movistar.es>. Para a súa contratación o CLIENTE poderá dirixirse ao Servizo de Atención Comercial.

As reparacións efectuadas polo persoal de MOVISTAR no domicilio do CLIENTE, non cubertas polo citado Servizo de mantemento, serán obxecto de contraprestación económica por parte do CLIENTE en favor de MOVISTAR.

O devandito Servizo préstase, con independencia de que o equipamento fora subministrado por MOVISTAR, sempre que sexa compatible co servizo, se atope en perfecto estado no momento da contratación do servizo, e forme parte do conxunto de equipos sobre os que MOVISTAR presta asistencia técnica.

5. - OBRIGACIÓNS DO CLIENTE.

O CLIENTE asume as seguintes obrigacións:

5.1. - Prezo do Servizo.



Como contraprestación polo Servizo o CLIENTE virá obrigado a satisfacer o prezo correspondente a cada modalidade de conformidade cos prezos vixentes en cada momento.

Os prezos actuais recóllense no Anexo I.

En caso de optar pola opción de aluguer do equipamento de conectividade, á que se fai referencia na cláusula 4.7, e como contraprestación polo Servizo, o CLIENTE virá obrigado a satisfacer o prezo correspondente a cada modalidade de equipamento de conformidade cos prezos vixentes en cada momento nas súas propias Condicións.

5.1.2. - Modificacións de prezos.

Calquera modificacións nos prezos aplicables serán comunicadas por MOVISTAR ao CLIENTE a través de calquera dos medios previstos na cláusula 16, cunha antelación mínima dun (1) mes. Todo iso, de acordo coa cláusula 4.10.

No caso de que o CLIENTE manifeste a súa desconformidade coas novas tarifas, poderá resolver unilateralmente a relación de prestación de servizos regulada nestas Condicións Xerais, sen que iso depare ao CLIENTE penalización ou custo adicional algún.

5.1.3. Facturación e Pago

MOVISTAR facturará ao CLIENTE as sumas previstas no Cadro I de Prezos que figuran no Anexo I da forma seguinte:

- (i) Todos os conceptos facturables en virtude da prestación do Servizo facturaránse a mes vencido, con carácter mensual e incorporaránse na factura do Servizo Telefónico Básico (STB).
- (ii) O pago do SERVIZO será esixible desde o momento que se presente ao cobro a factura correspondente ao Servizo Telefónico Básico de que dispoña o CLIENTE, a través da conta do mesmo na Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros que para tal efecto sinale ou, na súa falta, en lugar habilitado por MOVISTAR, á súa presentación ao cobro, que constará expresamente no aviso de pago enviado ao cliente. Na factura identificarase o período no que se poderá realizar o pago.



- (iii) Na primeira factura emitida incluírase o importe correspondente á cota de alta e, no seu caso, o do Equipamento que se incorpore ao Servizo. A primeira cota será rateada en función da data de entrada en vigor do Servizo.
- (iv) A contratación deste servizo implica que o CLIENTE acepta recibir a correspondente factura en formato electrónico, malia o seu dereito a optar pola factura en papel na contratación. Esta aceptación implica estender a facturación en formato electrónico, así mesmo, a todos os produtos de Movistar Fijo que o CLIENTE contratara ou contrate con posterioridade con Telefónica de España, S.A.U.

Sen prexuízo do anterior, o CLIENTE poderá escoller, en calquera momento, a recepción da factura en formato papel solicitándoo mediante unha chamada ao Número de Atención Persoal 1004 ou ao 1489 de Resposta Profesional.

En caso de atraso no pago, MOVISTAR poderá suspender a prestación dos Servizos se, tras requirir o pago ao CLIENTE, este non o fixese efectivo nun prazo de sete (7) días desde ese requirimento.

Transcorrido ese prazo, MOVISTAR requirirá de novo ao CLIENTE, concedéndolle un novo prazo de dez (10) días para efectuar o pago, pasado o que MOVISTAR poderá proceder á interrupción definitiva do Servizo, dándoo de baixa.

MOVISTAR restablecerá os servizos suspendidos dentro do día seguinte laborable a aquel en que teña constancia de que o importe debido foi satisfeito, pasando ao cobro ao CLIENTE, en concepto de rehabilitación dos servizos, a cantidade de 25 euros (30,25 con IVE).

Así mesmo, no suposto de impagamento, os datos relativos á débeda poderán ser comunicados ás seguintes entidades dedicadas á xestión de sistemas de información crediticia: ASNEF, sistema xestionado pola mercantil EQUIFAX IBERICA S.L. e BADEXCUG, sistema xestionado pola mercantil Experian Bureau de Crédito, S.A. e calquera outra que sexa comunicada oportunamente ao CLIENTE

5.1.4 Depósito.

5.1.4.1 Tanto recibida a solicitude de alta no servizo ADSL como en calquera momento da vixencia do presente contrato, MOVISTAR poderá, coa única finalidade de garantir o cumprimento das obrigacións derivadas do presente contrato:

- solicitar ao cliente a constitución dunha garantía, mediante depósito non remunerado en efectivo ou aval bancario;



- asignar ao cliente un límite de crédito.

5.1.4.2 A adopción das devanditas medidas terá lugar se concorren algunha das seguintes causas:

- A existencia de cantidades non pagadas polo cliente por calquera contrato formalizado con MOVISTAR.
- O atraso reiterado no pago das facturas correspondentes.
- A non acreditación, de conformidade coa lexislación vixente, de solvencia suficiente para que o cliente atenda as obrigacións derivadas do presente contrato. MOVISTAR poderá comprobar a solvencia do cliente mediante o acceso a ficheiros automatizados nos que os datos de carácter persoal se obtiveran de conformidade co sinalado no artigo 6.1 b) do Regulamento europeo 2016/679 sobre protección de datos en relación co artigo 22 do mesmo documento, así como calquera normativa que substitúa ou resulte da súa aplicación.
- A superación do límite de crédito fixado por MOVISTAR.

5.1.4.3. - A non constitución da garantía solicitada facultará a MOVISTAR para desestimar a solicitude de alta no servizo, restrinxir as chamadas saíntes, suspender e/ou resolver o contrato e interromper definitivamente o mesmo.

5.2. - Prezos do Servizo de Resolución de Incidencias a Domicilio.

MOVISTAR prestará ao CLIENTE o servizo de asistencia técnica no domicilio de forma gratuíta naqueles casos nos que a incidencia diagnosticada se deba a fallos imputables a MOVISTAR, E sempre que se produza na rede que dá soporte ao Servizo ADSL, segundo o disposto nas cláusulas 4.7 e 4.10.

Se a incidencia atendida non é debida ao anterior, o CLIENTE estará obrigado a satisfacer o prezo correspondente ao desprazamento e a reparación efectuada por MOVISTAR, salvo que o CLIENTE tivese contratado un servizo adicional de mantemento. Os custos de intervención serán os vixentes no momento e que se atopan na web www.movistar.es

O importe e forma de pago deste servizo, serán comunicados ao CLIENTE ao formular a solicitude deste servizo.

5.3. - Uso correcto dos servizos.



O CLIENTE comprométese a utilizar o Servizo de conformidade coa lei, coa moral, cos bos costumes xeralmente aceptados e coa orde pública, así como a absterse de utilizar o Servizo con fins ou efectos ilícitos, prohibidos nas presentes Condicións Xerais, lesivos dos dereitos e intereses de terceiros, ou que de calquera forma poidan danar, inutilizar, sobrecargar ou deteriorar os servizos, os equipos informáticos doutros Clientes ou doutros usuarios de Internet (hardware e software) así como os documentos, arquivos e toda clase de contidos almacenados nos seus equipos informáticos (hacking), ou impedir a normal utilización ou goce deses Servizos, equipos informáticos e documentos, arquivos e contidos por parte dos demais Clientes e doutros usuarios de Internet.

Os Clientes prexudicados por esas prácticas poderán comunicalo a MOVISTAR a través da dirección abuse@movistar.es ou a través do formulario que se habilita en <http://www.movistar.es/nemesys>.

Así mesmo, a utilización do Servizo poderá exclusivamente destinarse ao ámbito profesional ou privado e para uso exclusivo no domicilio que o CLIENTE indicara para a provisión do Servizo.

Queda expresamente prohibida a realización de actos de revenda ou comercialización do Servizo a terceiros alleos á prestación do Servizo ou, en calquera caso, da repartición de recursos fóra do domicilio para o que solicitara a provisión do Servizo ou sendo o Cliente unha Comunidade de Propietarios, fóra das zonas comúns. En caso de incumprimento da presente condición, MOVISTAR poderá suspender a prestación do Servizo, de conformidade co disposto na cláusula 5.7 das presentes Condicións Xerais.

5.4. - Claves de Acceso.

En relación coas Claves de Acceso, o CLIENTE asume as seguintes obrigacións:

5.4.1. - Asignación.

O acceso ao Servizo realizarase mediante un Identificador (ID) ou nome de usuario e un contrasinal ou password que elixirá o CLIENTE, suxeito ás restricións que estableza MOVISTAR (en diante, o "Identificador" e o "Contrasinal" respectivamente, e conxuntamente, as "Claves de Acceso").

Ao darse de alta nos servizos, o CLIENTE indicará no formulario correspondente o nome co que desexa ser recoñecido por outros Clientes (en diante, o "Identificador").

O CLIENTE non poderá elixir como Identificador palabras, expresións ou conxuntos gráfico-denominativos malsoantes, inxuriosos, coincidentes con marcas, nomes comerciais, rótulos de establecementos, denominacións sociais, expresións



publicitarias, nomes e pseudónimos de personaxes de relevancia pública ou famosos para cuxa utilización non estea autorizado e, en xeral, contrarios á lei ou ás esixencias da moral e bos costumes xeralmente aceptados.

En defecto de elección polo Cliente, a asignación do Identificador prodúcese de maneira automática. Non obstante, MOVISTAR resérvase o dereito a cancelar ou suspender aqueles Identificadores contrarios ao disposto no parágrafo anterior. Así mesmo, MOVISTAR poderá unilateralmente, en calquera momento e sen necesidade de previo aviso, modificar, suspender ou revogar o Identificador inicialmente asignado para unificar os diversos Identificadores ou nomes de usuario de que dispón o CLIENTE nos distintos servizos ofrecidos por MOVISTAR, procedendo a comunicarllo de forma inmediata ao CLIENTE.

O CLIENTE poderá modificar o contrasinal de acceso en calquera momento, de acordo coas restricións establecidas por MOVISTAR.

5.4.2. - Uso e custodia.

O CLIENTE comprométese a facer un uso dilixente das Claves de Acceso e Compra e a mantelas en segredo.

En todo caso, o CLIENTE responderá dos gastos correspondentes á utilización dos servizos por calquera terceiro que empregue as Claves de Acceso do CLIENTE até o momento en que, no seu caso, o CLIENTE solicitara a MOVISTAR a desactivación das Claves de Acceso. Por excepción ao anterior, o CLIENTE non responderá de tales gastos cando o devandito emprego se deba a un erro administrativo ou de xestión de MOVISTAR ou por outra razón imputable exclusivamente a MOVISTAR.

5.5. - Copias do Software proporcionado co Servizo.

O CLIENTE só poderá realizar unha única copia do Software e só para a súa instalación no disco duro do equipo informático desde o que se estableza a conexión co Servizo. O CLIENTE absterase de efectuar ningunha outra copia do Software, de enviar copias ou pór o Software a disposición de terceiros por calquera medio, así como de utilizar o Software cunha finalidade distinta da prevista nestas Condicións Xerais, quedando obrigado a desfacerse da copia ou copias do Programa que obren no seu poder unha vez rematado o presente Contrato.

5.6. - Uso correcto dos contidos.



5.6.1. -Transmisión, difusión e posta a disposición de terceiros de contidos independentemente de que foran obtidos ou non a través do portal.

O CLIENTE obrígase a facer un uso do Servizo, así como de calquera informacións, mensaxes, gráficos, debuxos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, gravacións, software e, en xeral, calquera clase de material obtidos, transmitidos, difundidos ou postos a disposición a través do CLIENTE ou terceiros (en diante, "os Contidos"), conforme á lei, ás presentes Condicións Xerais, á moral e bos costumes xeralmente aceptados, e á orde pública.

